



BOP

DEPUTACIÓN DE LUGO

VENRES, 5 DE XULLO DE 2024

N.º 155

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE XESTIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ 2024-2034

A Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá foi declarada o 27 de outubro de 2006 pola UNESCO ao abeiro do Programa Home e Biosfera (MaB), sendo a terceira Reserva da Biosfera que se designou na Comunidade Autónoma de Galicia. A Reserva comprende un territorio de 53.664 ha aproximadamente, pertencentes a 3 municipios da provincia de Lugo: Cervantes, Navia de Suarna e Becerreá.

Na normativa do patrimonio natural e da biodiversidade, tanto estatal (Lei 42/2007, do 13 de decembro) como autonómica (Lei 5/2019, do 2 de agosto), as Reservas da Biosfera considéranse como “Áreas Protegidas por Instrumentos Internacionais”, cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza. A normativa establece que estes espazos deberán contar cun programa de actuacións (denominado plan de xestión) e un sistema de indicadores adaptado ao establecido polo Comité MaB Español, que permita valorar o grado de cumprimento dos obxectivos do Programa MaB.

O 18 de decembro de 2023 o Órgano de Participación da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses informou favorablemente e o Órgano Reitor da Reserva aprobou inicialmente o Plan de Xestión da Reserva, así como o trámite de participación pública do citado Plan de Xestión, de acordo co establecido no Capítulo V relativo aos Instrumentos de Planificación do Regulamento do Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses (BOP nº 76, 04/04/2011).

O trámite de participación pública incluíu a exposición pública do Plan durante 2 meses (23/12/2023-22/02/2024), a consulta técnica a través da celebración de 2 mesas sectoriais centradas na conservación do medio ambiente e no desenvolvemento socioeconómico da Reserva celebradas o 19 de marzo de 2024, o estudo das alegacións e suxestión presentadas, e finalmente, o pasado 19 de xuño de 2024 o Órgano de Participación informou e o Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses aprobou definitivamente o Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses 2024-2034.

O Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses 2024-2034 define un novo modelo de desenvolvemento sostible que compatibiliza a conservación dos recursos naturais coas actividades económicas e o desenvolvemento da poboación, integrándose con outras políticas de protección da natureza, de usos do solo e doutros recursos. Pode ser consultado integralmente na páxina web da Reserva da Biosfera <https://osancareslucenses.deputacionlugo.org/> na seguinte ligazón:

<https://osancareslucenses.deputacionlugo.org/wp-content/uploads/2024/07/2024-MongrAncares.pdf>

Lugo, 1 de xullo de 2024. O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, P.D. A xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 1996

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE XESTIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO 2024-2034

A Reserva da Biosfera Terras do Miño foi declarada o 16 de decembro de 2002 pola UNESCO ao abeiro do Programa Home e Biosfera (MaB), sendo a primeira Reserva da Biosfera que se designou na Comunidade Autónoma de Galicia. A Reserva comprende un territorio de 363.700 ha aproximadamente, pertencentes a 26 municipios da provincia de Lugo: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, Corgo,

Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Ouro, Outeiro de Rei, Páramo, Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, Valadouro, Vilalba, Xermade.

Na normativa do patrimonio natural e da biodiversidade, tanto estatal (Lei 42/2007, do 13 de decembro) como autonómica (Lei 5/2019, do 2 de agosto), as Reservas da Biosfera consideranse como “Áreas Protegidas por Instrumentos Internacionais”, cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza. A normativa establece que estes espazos deberán contar cun programa de actuacións (denominado plan de xestión) e un sistema de indicadores adaptado ao establecido polo Comité MaB Español, que permita valorar o grado de cumprimento dos obxectivos do Programa MaB.

O 19 de decembro de 2023 o Órgano de Participación da Reserva da Biosfera Terras do Miño informou favorablemente e o Órgano Reitor da Reserva aprobou inicialmente o Plan de Xestión da Reserva, así como o trámite de participación pública do citado Plan de Xestión, de acordo co establecido no Capítulo V relativo aos Instrumentos de Planificación do Regulamento do Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño (BOP nº 76, 04/04/2011).

O trámite de participación pública incluíu a exposición pública do Plan durante 2 meses (23/12/2023-22/02/2024), a consulta técnica a través da celebración de 2 mesas sectoriais centradas na conservación do medio ambiente e no desenvolvemento socioeconómico da Reserva celebradas o 21 de marzo de 2024, o estudo das alegacións e suxestións presentadas, e finalmente, o pasado 18 de xuño de 2024 o Órgano de Participación informou e o Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Terras do Miño aprobou definitivamente o Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño 2024-2034.

O Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño 2024-2034 define un novo modelo de desenvolvemento sostible que compatibiliza a conservación dos recursos naturais coas actividades económicas e o desenvolvemento da poboación, integrándose con outras políticas de protección da natureza, de usos do solo e doutros recursos. Pode ser consultado integralmente na páxina web da Reserva da Biosfera <https://terrasdomino.deputacionlugo.org/> na seguinte ligazón:

<https://terrasdomino.deputacionlugo.org/wp-content/uploads/2024/07/2024-Monogra-Minho.pdf>

Lugo, 1 de xullo de 2024. O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, P.D. A xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 1997

CERVANTES

Anuncio

CONVOCATORIA 2 PEÓNS PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024.

POSTO DE TRABALLO: PEÓN (2)

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Cervantes ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Cervantes, será necesario adiantala por correo electrónico (concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Cervantes.

Cervantes, 28 de xuño de 2024.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 1979

Anuncio

CONVOCATORIA 1 PEÓN-MAQUINISTA PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024.

POSTO DE TRABALLO: PEÓN-MAQUINISTA

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Cervantes ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Cervantes, será necesario adiantala por correo electrónico (concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.